

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*EXTRACTO da Orde do 2 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2019/20 (código de procedemento ED421A).*

BDNS (Identif.º) 472314.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Personas desempregadas con titulación universitaria matriculadas no curso 2019/20 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar en réxime de concorrencia competitiva axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das axudas*

O importe global previsto na orde é de 120.000 €.

A contía da axuda cubrirá o importe das materias matriculadas por primeira vez, ata un máximo de 60 créditos do máster universitario oficial, segundo os prezos públicos estable-



cidos no anexo do Decreto 73/2019, do 4 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG núm. 131, do 11 de xullo).

Para os incluídos no punto 1.2 do anexo do decreto a contía máxima asignada será de 835,8 € para os da epígrafe A) e de 591 € para os da epígrafe B).

Para os incluídos no punto 1.3 do anexo do decreto a contía máxima asignada será de 1.881,6 € para os da epígrafe A) e de 1.296,6 € para os da epígrafe B).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 21 de outubro de 2019.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

